



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2019/47	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de decembro de 2019
Duración	Desde as 12:35 ata as 12:45 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario accidental	JOSE CARLOS VILARIÑO MEIRA

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
***0424**	AURORA PRIETO GAGO	SÍ
***7616**	EUGENIO GONZALEZ FERNANDEZ	SÍ
***1344**	HUGO FANDIÑO ALBERTE	NON
****0228*	INGRID MIHAELA LOREDANA OPREA	NON
***3018**	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
***8304**	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	NON
***4161**	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
***2819**	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA





Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 23 de decembro de 2019

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o borrador da acta da Xunta de Goberno Local realizada o día 23 de decembro de 2019.

Expediente 1008/2018. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 20.12.2019 da xefa de urbanismo, referente ao expediente 1008/2018-S, de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

*"Con data 14 de marzo do 2019 F.J.P.L., con NIF nº ***3757**, solicita a redución do 50 da sanción que lle corresponde aboar pola realización de obras sen axustarse á legalidade urbanística para proceder ao seu pagamento no período voluntario, amosando a súa conformidade co contido do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25 de marzo do 2019 e renunciando expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación.*

Visto o xustificante de pagamento de data 29.04.2019, en relación co expediente sancionador por infracción urbanística nº 1008/2018, de conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento sancionador incoado a F.J.P.L., por ter realizado no lugar da Avda. de Bueu, as obras de cubrición de terraza e visto o xustificante de pagamento de data 29.04.2019, existente no expediente sancionador nº 1008/2018".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integralmente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 413/2018. Solicitud de devolución de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da xefa de urbanismo emitido o día 20.12.2019, referente a solicitude de devolución de aval, que é como segue:

"ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data de 17 de decembro de 2019, ten entrada polo rexistro municipal nº





18.142, solicitude de devolución de fianza, asinada por F.N.C., titular do DNI nº ***3868**, como titular da solicitude de licenza de obra (expediente nº 23.188.- Licenza nº 22.438).

Segundo.- En Xunta do Goberno Local de data 26 de novembro de 2018 outorgouse licenza de primeira ocupación a F.N.C. (X-413/2018).

Terceiro.- En data 18 de decembro de 2019 a tesourería municipal emite informe no que di que: 'Consultada a contabilidade municipal a día de hoxe consta o ingreso da garantía a nome de F.N.C., por importe de trescentos (300,00 €), co seguinte texto: 'FIANZA EXPTE. OBRAS 23188'.

Cuarto.- Na data de 19 de decembro de 2019, o inspector municipal emite informe no que conclúe que: 'Presentado no lugar, comprobo que a urbanización en cuestión está en correcto estado'.

LEXISLACIÓN APLICABLE

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

-Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

-Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

O órgano municipal competente para a aprobación do presente expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do disposto na Resolución de Alcaldía de 17 de xullo de 2019, sobre delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Con base nos fundamentos expostos e de conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a que subscribe eleva o seguinte:

INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza por importe de trescentos euros (300,00 €), depositado por F.N.C. no expediente de licenza de obra nº 22.438 (Expte. obras nº 23.188 / X -413/2018).

Segundo.- Notificar este acordo ao interesado".

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente o informe transcrito anteriormente.

Expediente 114/2017. Proposta da alcaldía para aprobación do contrato "Servizos para o





funcionamento e mantemento da piscina cuberta do Concello de Cangas''

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda retirar da orde do día este punto por estar pendente de informe dos departamentos de secretaría e de intervención.

Expediente 7204/2019. Proposta da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade para aprobación das axudas do programa Enredos de Nadal 2019 para nenos/as do Concello de Cangas

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 19.12.2019 da concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade, referente á aprobación das axudas do programa 'Enredos de Nadal 2019' para nenos/nenas do Concello de Cangas, que é como segue:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DAS AXUDAS DO PROGRAMA 'ENREDOS DE NADAL 2019' PARA NENOS/AS DO CONCELLO DE CANGAS

Mª Victoria Portas Mariño, concelleira de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade

PROPÓN

Á Xunta de Goberno Local a aprobación definitiva das bonificacións no prezo público do programa 'Enredos de Nadal 2019', que se realizará os días 23, 26, 27 e 30 de decembro de 2019 e 2 e 3 de xaneiro de 2020, destinadas a favorecer a integración sociolaboral das persoas responsables dos menores e potenciar a participación das nenas e dos nenos en actividades de lecer.

Nº REXISTRO	APELIDOS, NOME SOLICITANTE	APELIDOS, NOME MENOR	OPCIÓN DO PROGRAMA	Nº DIAS SOLICITADOS	CUSTO DA ACTIVIDADE	RESOLUCIÓN
E-RC-18070	S.H.V.	X.M.H.	ACTIVIDADES	6 DÍAS	30,00 €	CONCEDIDA
		U.M.H.			30,00 €	
E-RC-18128	R.M.F.C.	V.B.F.	ACTIVIDADES	6 DÍAS	30,00 €	CONCEDIDA
Nº SOLICITUDES PRESENTADAS		Nº MENORES	Nº SOLICITUDES CONCEDIDAS	3 solicitudes bonificadas ao 100%		
2		3	2			

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Concello de Cangas

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 9HZ4L3F2MJEQGXSYPNSKPNVDVK | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5